

ACTA

| | |
|------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano Colexiado: |
| XGL/2019/21 | A Xunta de Goberno Local |

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

| | |
|-----------------------|-----------------------------------|
| Tipo Convocatoria | Ordinaria |
| Data | 20 de maio de 2019 |
| Duración | Desde as 19:00 ata as 19:39 horas |
| Lugar | SALA DE SESIÓNS |
| Presidida por | MERCEDES GIRALDEZ SANTOS |
| Secretario accidental | JOSE LUIS TIEVO SOLIÑO |

ASISTENCIA Á SESIÓN

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|-----------|-----------------------------|--------|
| 77010633D | ANDRES GARCIA BASTON | NON |
| 78734984G | JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO | NON |
| 76807564F | LOURDES RIAL PARDO | SÍ |
| 78730184B | MARIANO ABALO COSTA | NON |
| 76811297Z | MERCEDES GIRALDEZ SANTOS | SÍ |
| 53113479Q | TANIA CASTRO PAREDES | SÍ |
| 78739263M | TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ | SÍ |
| 76328194A | XOSE MANUEL PAZOS VARELA | NON |
| 34907283E | XOÁN CHILLÓN IGLESIAS | SÍ |
| 78736615W | ÁNGELA VIZOSO MARCOS | SÍ |

Escusas de asistencia presentadas:
1. XOSE MANUEL PAZOS VARELA:
«Decreto de delegación nº 2019-0724»





Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 2929/2019. Proposta da concelleira de emprego e desenvolvemento local para autorización de ocupación de vía pública para realización de festival na Alameda Nova -Eventos de verán 2019-

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de emprego e desenvolvemento local de data 15.05.2019, referente a autorización municipal de ocupación de vía pública con motivo de realización de festival na Alameda Nova -Eventos de Verán 2019-, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL
S/EVENTOS DE VERÁN 2019

Vista a instancia presentada por E. O. T. P., en representación de 'Elemental Street SL', en data 13 de febreiro de 2019, rexistro de entrada nº 2839, solicitando a tramitación de autorización para o evento 'Rilla na rúa', no Concello de Cangas os días 18 ao 21, con montaxe o día 17 de xullo e desmontaxe o día 22 de xullo de 2019.

Vista a documentación aportada polo solicitante:

* Plan de autoprotección asinado por J. C. G. V., compromiso de cumprimento da normativa de ruído e programación do evento.

Vistos os informes técnicos obrantes no expediente favorables á celebración do evento; informe do servizo municipal de Protección Civil de data 8.05.2019, informe da Policía Local de data 22.04.2019, en virtude do disposto nos artigos 40 e seguintes da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Resultando que por Resolución de alcaldía de 2 de xullo de 2015 delegouse na Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas.

Visto canto antecede, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder a licenza solicitada pola 'Asociación Elemental Street SL', para realizar o evento 'Rilla na rúa', na Alameda Nova os días que van do 18 ao 21 de xullo de 2019, incluíndo os días de montaxe o día 17 de xullo e desmontaxe o día 22 de xullo de 2019, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente, plan de seguridade e emerxencia elaborado polo enxeñeiro técnico industrial A. L. Á. en data 25 de febreiro de 2019.





| Clase de Establecemento | Espectáculo ou actividade | Localización | Aforamento | Horario |
|-------------------------|---------------------------|--------------|------------|--|
| | Festival | Alameda nova | | Comprendido entre as 12:00 16:00 e de 19:00 a 2:00 horas |

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados no procedemento".

Expediente 2926/2019. Proposta da concelleira de emprego e desenvolvemento local para autorización de ocupación de vía pública para realización de mercadiño solidario de artesanía -Eventos de verán 2019-

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de emprego e desenvolvemento local de data 15.05.2019, referente a autorización municipal de ocupación de vía pública con motivo de realización de mercado solidario no Paseo Marítimo de Cangas -Eventos de Verán 2019-, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL S/EVENTOS DE VERÁN 2019

Vista a instancia presentada en data 30 de xaneiro de 2019, por C. A. B. C., en representación da 'Asociación Wayuu', solicitando a tramitación de autorización para organizar evento de mercado solidario de artesanía no Paseo Marítimo de Cangas, do 11 ao 21 de xullo de 2019.

Vista a documentación aportada polo solicitante: memoria do evento asinada polo enxeñeiro técnico industrial M. A. S. P., contrato do seguro para os días do evento.

Vistos os informes técnicos obrantes no expediente favorables á celebración do evento; informe da Policía Local de data 22.04.2019, en virtude do disposto nos artigos 40 e seguintes da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Resultando que por Resolución de alcaldía do 2 de xullo de 2015 delegouse na Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas.

Visto canto antecede, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder a licenza solicitada pola 'Asociación Wayuu', para realizar o mercado solidario de artesanía no Paseo Marítimo de Cangas desde o 11 ao 21 de xullo de 2019, de conformidade ca documentación incorporada ao expediente, memoria do evento elaborada polo enxeñeiro técnico industrial M. A. S. P.,





| Clase de Establecemento | Espectáculo ou actividade | Localización | Aforamento | Horario |
|--|---------------------------|----------------|------------|-----------|
| Instalación de 20 stands de 3x2 metros | Mercado solidario | Paseo marítimo | | comercial |

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos interesados no procedemento".

| | |
|--|--|
| Expediente 1100/2019. Proposta da concelleira de emprego e desenvolvemento local para autorización de ocupación de vía pública para realización de festival no recinto de Ojea -Eventos de verán 2019- | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de emprego e desenvolvemento local de data 15.05.2019, referente a autorización municipal de ocupación de vía pública con motivo de realización de festival no recinto de Ojea -Eventos de Verán 2019-, que é como segue:</p> <p>"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL S/EVENTOS DE VERÁN 2019</p> <p>Vista a instancia presentada pola Asociación Galega de Cervexeiros Artesáns en data 11 de marzo de 2019, rexistro de entrada nº 2839, solicitando a tramitación de autorización para a celebración da 4ª Feira da Cervexa de Cangas os días 9, 10 e 11 de agosto de 2019 no Concello de Cangas.</p> <p>Vista a documentación aportada polo solicitante: * Informe das condicións técnicas según a Lei de espectáculos de Galicia para o evento, programación dos actos e contrato do seguro para os días do evento.</p> <p>Vistos os informes técnicos obrantes no expediente favorables á celebración do evento; informe do servizo municipal de Protección Civil de data 08.05.2019 e da Policía Local de data 22.04.2019, emitidos en virtude do disposto nos artigos 40 e seguintes da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.</p> <p>Resultando que por Resolución de alcaldía do 2 de xullo de 2015 delegouse na Xunta de Goberno Local a concesión de licenzas.</p> <p>Visto canto antecede, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:</p> <p>ACORDO</p> <p>PRIMEIRO.- Conceder a licenza solicitada pola 'ASOCIACIÓN GALEGA CERVEXEIROS ARTESÁNS', para realizar o evento 'Cangas Beer Festival 2019', os días 9, 10 e 11 de agosto nas naves de Ojea, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente, plan de seguridade e emerxencia elaborado polo enxeñeiro técnico industrial A. L. A. en</p> | |





data 25 de febreiro de 2019.

| Clase de establecemento | de Espectáculo ou actividade | Localización | Aforamento | Horario |
|-------------------------|------------------------------|--------------|------------|---|
| | Festival | Naves Ojea | 500-600 | Comprendido entre as 12:00 horas e a 01:00 horas. |

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados no procedemento".

Expediente 2837/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o informe emitido en data 08.05.2019 pola policía local referente a solicitude da "Farmacia Cordeiro", para sinalización de reserva de vía pública, que é como segue:

"Que conforme á solicitude de mellora de reserva da vía pública da 'Farmacia Cordeiro', de data 25.04.2019, rexistro entrada nº 5049, faise constar:

Que a sinalización actual non contempla todas as posibilidades de horario de apertura da farmacia. Que ao non ter sinalización horizontal, os vehículos destinados a carga e descarga da zona habilitada situada antes da reserva á farmacia, suelen invadir a dita praza de estacionamento.

Que por tal motivo, se propone unha modificación da situación da dita praza reservada para a farmacia:

* Proponse situar o reservado de vía pública no primeiro tramo habilitado para estacionamento ao pasar o cruce de baixada á farmacia. Esta praza débese sinalizar de forma horizontal para situar e limitar o espazo reservado para o dito efecto. A sinalización vertical debe conter o sinal de prohibido estacionar 'R-308' e un panel complementario coa seguinte lenda: 'En horario de apertura y guardias (24 H), reservado a farmacia, máximo 10 minutos' (ver a reportaxe fotográfica).

Que así mesmo, ao eliminar o actual reservado, proponse utilizar esa praza vacante para aumentar a zona de carga e descarga, continuando o pintado en zig-zag amarelo ata a intersección coa farmacia".





| | |
|--|--|
| Expediente 2857/2019. Solicitud de sinalización | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o informe emitido en data 12.05.2019 pola policía local, referente a solicitude de sinalización, que é como segue:</p> <p>"A Policía Local de Cangas, con relación á solicitude de pivotes para a comunidade de propietarios 'Arenal 7', informa:</p> <p>Que presentada unha patrulla no lugar comproba que está sinalizado horizontalmente cun zig-zag amarelo, sen embargo os axentes teñen que acudir semanalmente debido a que estacionan nel e dificultan a saída do pasaxe permanente.</p> <p>Que a dita sinalización se debe reforzar mediante a colocación de unha sinal vertical".</p> | |

| | |
|---|--|
| Expediente 2621/2019. Solicitud de sinalización | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>Visto o informe favorable emitido en data 10.05.2019 pola policía local, referente a solicitude de L. R. O., na que demanda autorización municipal para renovación do sinal de pasaxe permanente nº 688 que ten instalado en rúa Maceira, nº X de Aldán, por atoparse deteriorado.</p> <p>A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe da policía local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 688 que ten instalado L. R. O. en rúa Maceira, nº X de Aldán, por atoparse deteriorado.</p> <p>Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no departamento de tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.</p> | |

| | |
|--|--|
| Expediente 2588/2019. Solicitud de sinalización | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto en data 10.05.2019 pola policía local, acorda aprobar a solicitude de 'Basalnor SL', na que solicita o pintado de liñas amarelas diante do sinal de pasaxe permanente concedido en rúa Andalucía, nº X-Cangas.</p> | |

| | |
|---|--|
| Expediente 2890/2019. Solicitud de sinalización | |
| Desfavorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |





Visto o informe emitido en data 10.05.2019 pola policía local, referente a solicitude de A. B. S. para repintado de sinalización horizontal no lugar de Rosada, nº X-Coiro, que di o seguinte:

"Con relación á solicitude presentada por A. B. S., os axentes, unha vez presentados no lugar da Rosada, nº X-Coiro, se comproba que existen dúas liñas amarelas diante do portal e unha amarela continua por todo o longo do cerramento, o que fai supoñer que é un pintado que non está autorizado xa que non dispón de sinal de pasaxe permanente, non procedendo o solicitado".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido pola policía local, acorda denegar a solicitude do Sr. B. S. para repintado de liñas amarelas.

Expediente 2343/2019. Solicitude de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta de informe emitido en data 15.05.2019 pola policía local, referente a proposta de sinalización en zona de Río Esteiro en Vilariño, que é como segue:

"Que tras recibir solicitude (registro de entrada nº 3861 de 02.04.2019) para sinalizar como sentido único a zona da praia de Vilariño (Río Esteiro) e dando contestación de viabilidade por parte da policía local, en escrito nº 327/2019 de data 16 abril, a dita aprobación definitiva quedou sobre a mesa, para mellor estudo, por parte da Xunta de Goberno Local. Que desde a xefatura da policía local e tras reunirse novamente cos veciños/veciñas da zona, se solicita que se proceda á aprobación definitiva da dita sinalización de sentido único para evitar problemas de tráfico, mellorar a circulación rodada e facilitar o estacionamento nunha zona moi concorrida de acceso a praias".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar definitivamente o informe emitido en data 15.05.2019 pola policía local, referente a proposta de sinalización en zona de Río Esteiro en Vilariño.

Expediente 2528/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2528/2019.- Outorgar licenza de obra a P. C. C., titular do DNI Nº X, con enderezo a efectos de notificacións en lugar de Miranda, nº X-Coiro, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, para, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, construír unha piscina no referido lugar (referencia catastral X) de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico F. A. F. R. de data 24 de abril de 2019. A licenza outorgarase condicionada a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende a catorce mil seiscentos setenta e seis euros con noventa e catro céntimos (14.676,94 €).





| | |
|--|--|
| Expediente 1729/2019. Licenza urbanística | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>EXPEDIENTE Nº 1729/2019.- Outorgar a P. C. P., titular do DNI nº X, con enderezo electrónico a efectos de notificacións X, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para acondicionamento de planta baixa para uso de vivenda sita en rúa San José, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade co proxecto redactado pola arquitecta G. H. N. de data 22 marzo de 2019 e documentación complementaria do 14 de abril de 2019. Unha vez rematadas as obras deberá solicitar licenza de primeira ocupación e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI, farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a seis mil novecentos quince euros con corenta e sete céntimos (6.915,47 €).</p> | |

| | |
|--|--|
| Expediente 1850/2019. Licenza urbanística | |
| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
| <p>EXPEDIENTE Nº 1850/2019.- A "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións no enderezo electrónico X, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para en parcela sita en rúa As Gruncheiras-Coiro, polígono X, parcela X (referencia catastral X), canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 53,00 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación redactada polo enxeñeiro técnico industrial P.T.B. de data marzo de 2019, coas seguintes condicións:</p> <p>As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.</p> <p>Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.</p> <p>* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.</p> <p>* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.</p> <p>Debe computarse no aval global depositado o importe de tres mil trescentos trinta e un euros con cincuenta e oito céntimos (3.331,58 €), para responder das obras de reposición da via pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.</p> | |





Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 7148/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 7148/2017.- Conceder a C. M. M., titular do DNI nºX, con enderezo a efectos de notificacións na avenida de Ourense, nº X -Cangas, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, modificación da licenza de obra autorizada pola xunta de goberno local en data 04.06.2018 e autorizar a rehabilitación dunha edificación sita en rúa Sol, nº X-Cangas e dedicala a edificio comercial, de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto F. B. P. visado 02.05.2019. A licenza outorgarase condicionada a solicitar licenza de primeiraocupación ao rematar as obras e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI farase un seguimento desta polos técnicos da Oficina Municipal. O presuposto de execución material ascende a corenta e oito mil setecentos cincuenta euros (48.750,00 €).

A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como, por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, desde a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

Expediente 988/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 988/2019.- Conceder a J. M. G. O., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificación electrónica en X, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo regulado pola ordenanza do PEPRI, rehabilitar unha vivenda entre medianeiras sita en rúa Cervantes, nºX-Cangas (referencia catastral X), de conformidade co proxectoredactado polo arquitecto J. M. S.O. visado en data 01.02.2019. Deberá formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI, farase un seguimento desta polos técnicos da Oficina Municipal. O presuposto de





execución material ascende a trinta e cinco mil oitocentos noventa e seis euros con corenta e dous céntimos (35.896,42 €).

Expediente 2161/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2161/2019.- Conceder licenza de obras a J. A. S. M. titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificación electrónica en X, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, para en solo regulado pola ordenanza do PEPRI, rehabilitar e ampliar unha edificación sita en rúa Pablo Iglesias, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto F. B. P. de data abril de 2019.

Antes do inicio das obras deberá presentar proxecto de execución de obras visado e oficio da dirección de obras e execución destas, a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI, farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a sesenta e cinco mil trescentos euros (65.300,00 €).

Expediente 1489/2019. Licenza de parcelación urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1489/2019.-

PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por A. e M. R. G., consistente en agrupar dous predios iniciais de 996,15 m2., e 1.221,05 m2., sitas na Pedreira-Camiño Vello de Rodeira-Avda. Castroviejo-Coiro (referencia catastral X e X) para no mesmo acto parcelalas en cinco parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta M. T. F. I., de data marzo de 2019, do cal resultan as seguintes parcelas netas:

parcela 1 de 891,58 m2., que conta cunha edificación existente; parcela 2 de 504,35 m2., que conta cunha edificación existente adosada; parcela 3 de 596,36 m2., e as parcelas 4 de 104,57 m2.; parcela 5 de 120,34 m2., de cesión para ampliación do vieiro, visto o informe favorable de AXI de data 23.04.2019.

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga de cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra de aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello, no prazo de un mes, desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 224,91 m2., de non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efectos.





Expediente 2404/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2404/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por L. P.P., para reformas interiores en vivenda sita no Igrexario, nº X-O Hío (referencia catastral X), consistentens en reforma de baño, cociña e cambio de fiestras, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil oitenta euros (3.080,00 €).

Expediente 2251/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2251/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ROMERO Y PEREIRA INVERSIONES SL", para obras de mantemento e conservación de edificación sita na Avda. José M. Castroviejo, nº X-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada e complementada polo estudo de seguridade e saúde elaborado polo enxeñeiro técnico industrial R. D. A. de data 13 de maio de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a cincuenta e seis mil trescentos euros con dezaioito céntimos (56.300,18 €).

Expediente 2252/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2252/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por B. G. M., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificación no enderezo electrónico X para substitución de cuberta de vivenda sita en Concepción Arenal, nºX-Coiro (referencia catastral X) de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico J. P.Y. de data abril de 2019. O presuposto de execución material ascende a seis mil oitocentos corenta e sete euros con quince céntimos (6.847,15 €).

Expediente 1464/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1464/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. F. A., para construción de un cerramento de 19,50 ml., en Arneles-O Hío (referencia catastral X) de conformidade coa documentación presentada pola enxeñeira técnica agrícola R. B.A. de data xaneiro de 2019, de conformidade cas condicións impostas polo POL de data 5 de abril e pola Consellería de Medio Ambiente de data 30 de xaneiro de 2019.





O presuposto de execución das obras ascende a setecentos trinta e cinco euros (735,00 €).

Expediente 2296/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2296/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ACEROLA SC", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Eduardo Pondal, nº X-Cangas, para acondicionamento de local sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto técnico R. S. C. de data febreiro de 2019. O presuposto de execución material ascende a once mil trescentos cincuenta euros con cincuenta e sete céntimos (11.350,57 €).

Expediente 608/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 608/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por D. R. J., para dous cerramentos; un dianteiro e outro traseiro e realización de soleira en Pedrachoca, nº X-Reboredo-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada de data 11 de febreiro e 5 de abril de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil cincocentos setenta euros (5.570,00 €).

Expediente 950/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 950/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ÓPTICA E PARAFARMACIA COFIL SL", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Andalucía, nº X-Cangas, para acondicionamento de local sito na Avda. Montero Ríos, nº X Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto R. M. R. de data 30 de abril de 2019. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá coa súa normativa de aplicación. O presuposto de execución material ascende a seis mil douscentos oitenta e nove euros con sesenta e un céntimos (6.289,61 €).

Unha vez rematadas as obras o comunicará ao Concello e presentará a comunicación previa de actividade.





Expediente 32/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 32/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. P. P., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Retirosa, nº X, para reposición de cubrición de garaxe sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data xaneiro e abril de 2019. O presuposto de execución material ascende a mil cincocentos sesenta euros (1.560,00 €).

Expediente 2001/2019. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2001/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. L. B., DNI nº X, con enderezo en rúa San José, nº X, representado por A. L. N. con enderezo a efectos de notificacións en rúa Manuel Graña, nº X, titular do DNI nº X, para inicio de actividade de venda de pan e pasteis en rúa Real, nº X-Cangas (referencia catastral X), segundo o informe favorable da arquitecta de data 10 de maio de 2019.

Expediente 1405/2019. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1405/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. I. P., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Real, nº X, para inicio de actividade de venda de vinilos e bordados en rúa Real, nº X-Cangas (referencia castral X), visto o informe favorable da arquitecta de data 10 de maio de 2019.

Expediente 1207/2019. Comunicación previa de cambio de titularidade de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1207/2019.- Dase conta da comunicación previa para cambio de titularidade presentada por S. S. R., con DNI nº X, con enderezo en rúa Daniel Castelao, nº X-Moaña, en representación de "GOIPAN CB", con CIF nº X, da actividade de comercio de venda polo miúdo-ultramarinos, que se desenvolve no local sito en rúa San José, nº X (referencia catastral X), visto o informe favorable da arquitecta de data 14 de maio de 2019.





Expediente 2641/2018. Proposta da alcaldía de recoñecemento de custas derivadas da peza de taxación de custas nº 112/2018 0001 - PA nº 112/2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 13.05.2019, referente a recoñecemento de custas derivadas da peza de tasación de custas nº 112/2018-0001, PO nº 112/2018, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, que é como segue:

"Visto o decreto de data 30 de abril de 2019 de peza de tasación de custas nº 112/2018, emitida polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra a instancia de J. S. M., no que se aproba a taxación de custas por importe de catrocentos oitenta e catro euros (484,00 €), a cuxo pagamento resultou condenado este Concello.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Recoñecer a obriga de pago, en concepto de custas procesais, dun importe de catrocentos oitenta e catro euros (484,00 €), con base no disposto no Decreto de data 30 de abril de 2019, do procedemento peza de tasacións de custas nº 112/2018, Procedemento Abreviado nº 112/2018, tramitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, instruído a instancia de J. S. M.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de urbanismo, intervención e tesourería".

Expediente 6276/2017. Proposta da alcaldía para suspensión de contrato do "Servizo de elaboración da relación de postos de traballo (RPT) e do plan de ordenación de recursos humanos do Concello de Cangas"

Non hai acordo

Motivo: Falta de quórum

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo, a pedimento do grupo municipal do BNG, por non estar presente o concelleiro de persoal do Concello de Cangas.

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 2844/2019. Proposta da alcaldía para aprobación de bases para a selección e posterior contratación de 10 persoas traballadoras para o "Servizo de Integración do Concello de Cangas-2019" (Urxencia)





Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de data 20.05.2019 da alcaldía, referente a aprobación de bases para a selección e posterior contratación de 10 persoas traballadoras para o "Servizo de integración do Concello de Cangas 2019", que é como segue:

"Visto que a resolución de concesión da subvención na que se basea o presente proceso de selección establece que: 'os contratos deberán formalizarse, como data límite ata o 30 de maio de 2019', obriga a aprobar a convocatoria e as bases do proceso de selección con urxencia pola Xunta de Goberno Local, órgano ao que lle corresponde a competencia con base n resolución de delegación outorgada por esta Alcaldía o 02.07.2015.

Visto que figura no expediente documento xustificativo da existencia de crédito para acometer as contratacións.

Vistos os informes de intervención de data 15.05.2019 e de secretaría de data 20.05.2019, que figuran incorporados ao expediente cómpre recordar a este respecto que as contratacións que se pretenden acometer, como se sinala nas bases, resultan do outorgamento dunha subvención de fomento de emprego, o que motiva o seu carácter extraordinario, que se dirixa exclusivamente a persoal desempleado coas características requiridas polo outorgamento da subvención e que formalizará a súa instancia de acordo co tramite derivado da preselección e a previsión da modalidade contractual que figura nas bases, contrato de duración determinada de interese social. Figura incorporada ao expediente polo que se tramitou a subvención a valoración das prazas sobre a que a propia intervención realizou a retención de crédito existente e que se remitiu na tramitación da subvención.

Por outra banda e respecto da publicación no BOP, cómpre sinalar que se trata de un requisito predeterminado normativamente respecto da selección de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, pero non para os supostos de convocatorias para seleccionar funcionarios interinos e persoal laboral temporal. Débese recordar a necesidade de observar na selección deste tipo de persoal, procedementos áxiles que respectarán en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia. Debe recordarse ademais que no presente caso se trata dun proceso precedido dunha preselección no Servizo Público de Emprego.

Tomando en consideración o que antecede en exercicio das competencias que outorga a esta Alcaldía a lexislación vixente elévase a aprobación pola Xunta de Goberno Local o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de intervención con base na motivación exposta.

SEGUNDO.- Aprobar as bases para a selección e posterior contratación de 10 persoas traballadoras, para o 'Servizo de Integración do Concello de Cangas 2019', ao abeiro da subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria, outorgada por resolución de data 07.05.2019, bases que literalmente din:

'BASES PARA A SELECCIÓN DE DEZ PERSOAS TRABALLADORAS DO 'SERVIZO DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE CANGAS ANO 2019', SEGUNDO A RESOLUCIÓN DA





CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DE DATA 07.05.2019, AO ABEIRO DA ORDE DE 12 DE DECEMBRO DE 2018, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA E SE APROBA A CONVOCATORIA PARA O ANO 2019

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 10 persoas traballadoras, para o 'Servizo de integración do Concello de Cangas 2019', ao abeiro da subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria outorgada por resolución de data 07.05.2019, distribuídos do xeito que a continuación se pormenoriza:

- 6 peóns de limpeza viaria
- 2 peóns forestais
- 2 peóns de limpeza de edificios

A contratación será de carácter laboral e temporal, na modalidade de contrato temporal de interese social, cunha duración de contrato de 9 meses, a contar desde a data da sinatura do contrato, a tempo parcial do 75% da xornada (28 horas semanais e sete minutos), cun salario bruto mensual de mil cincuenta e dous euros con setenta e sete céntimos (1.052,77 €).

As persoas contratadas estarán adscritas ao 'Servizo de integración do Concello de Cangas ano 2019'.

Cos aspirantes que tendo superado o presente proceso selectivo e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, adxudicándose a contratación ao seguinte aspirante en puntuación.

O sistema de selección será o de oposición.

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello ata o día da realización do exercicio, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións ás bases, así como, na páxina web do Concello de Cangas (www.cangas.gal).

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será, igualmente, o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/DAS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- a) Ser cidadán español ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.
- d) Non se require titulación académica específica (DA 7ª EBEP).





- e) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- f) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.
- g) Estar en posesión da tarxeta de demandante de emprego expedida polo INEM, e ser remitido por este para participar neste proceso selectivo.
- h) Ser perceptor da Risga e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. (Artigo 12 punto d) da Orde 12.12.2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria).

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservarannos, polo menos, ata a data de formalización do preceptivo contrato laboral.

TERCEIRA.- SOLICITUDES E PRAZO DE ADMISIÓN DESTAS

O Concello de Cangas con base na subvención outorgada, terá solicitado os traballadores e traballadoras desempregados/desempregadas acordes ao perfil a seleccionar, segundo o establecido no artigo 13 da Orde de 12 de decembro de 2018, mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego de Cangas, que realizará as sondaxes de demandantes aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego, para que poidan concorrer convocándoos a reunión no Concello de Cangas na que se lle facilitará información sobre a convocatoria e o modelo de instancia para solicitar a súa participación.

Os aspirantes remitidos pola Oficina de Emprego que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar no modelo de instancia que se facilitará aos aspirantes na reunión á que foron convocados pola Oficina de Emprego e que se cumprimentará e entregará polos interesados en participar no proceso selectivo para a confección do listado de admitidos e excluídos.

Este modelo de instancia inclúe o modelo de declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Malia isto deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior, se así o esixe o negociado de persoal do Concello ou o tribunal de selección.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de tres candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

O Concello poderá requirir en calquera momento a comprobación de estar en posesión dos requisitos da convocatoria establecidos nas presentes bases e excluír do proceso a calquera aspirante que non reúna ditos requisitos.

CUARTA.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Coas instancias cumprimentadas e entregadas polos aspirantes remitidos pola Oficina de Emprego no acto convocado para tal efecto, aprobarase pola Presidencia da Corporación, a





lista provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa o que se fará público, igualmente no taboleiro de anuncios do Concello. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmentemente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Establécese unha comisión de selección ou tribunal cualificador para a selección dos aspirantes en función dos servizos que se recollen na base primeira, este tribunal xulgará as probas, garantindo e supervisando o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal a efectos da formulación de recusación é a seguinte:

PRESIDENTE: F. F. G.
SECRETARIA: C. F. D.
Vocal 1º: C. G. G.
Vocal 2º: R. C. A.
Vocal 3º: A. I. R. O.
Suplente indistinto : I. C. G. P.
Suplente indistinta: E. L. M.
Suplente indistinta: M. C. F.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O tribunal constituirase con antelación ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases a convocatoria do seu presidente. De producirse algunha baixa na composición do tribunal esta poderá ser cuberta cos suplentes designados ou optarse por ser completado mediante unha nova designación a través dunha resolución da Alcaldía.

SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE





CUALIFICACIÓN

Os aspirantes no día, hora e lugar para o que fosen citados na resolución pola que se aprobe o listado provisional de admitidos e excluídos serán convocados para o inicio. As probas da oposición serán as seguintes:

PROBA DE COÑECEMENTOS PROFESIONAIS

Proba eliminatoria que se puntuará cun máximo de 98 puntos, sendo preciso acadar cando menos 49 puntos para entender superada esta fase e non quedar eliminado/eliminada do proceso de selección.

A proba de coñecementos consistirá na execución dun exercicio práctico e/ou a resposta a unha serie de preguntas que formulará o tribunal por escrito ou oralmente relativos as técnicas de traballo, uso de medios técnicos, ferramentas propios dos postos a seleccionar (peón forestal, peón de limpeza viaria e peón limpeza de edificios públicos).

PROBA DE COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA

Proba non eliminatoria que se puntuará cun máximo de 2 puntos.

Ao remate da proba de coñecementos profesionais o tribunal formulará unha serie de preguntas orais ou escritas ou propondrá un exercicio de tradución dun texto dun mínimo de 5 liñas, polos que se determinará o coñecemento da lingua galega dos/das aspirantes. Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten ao tribunal antes da realización da proba a posesión do CELGA axeitado en función da titulación requirida para o acceso ás probas recibindo neste caso 2 puntos.

A puntuación máxima total das probas de oposición será de 100 puntos.

Todos/Todas os/as candidatos/candidatas que concorran á realización da proba, deberán ir provistos/previstas do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

Os/as aspirantes serán chamados/chamadas para a realización das probas na data, hora e lugar indicados nun único chamamento, quedando excluídos/excluídas do proceso os/as que non comparezan.

SÉTIMA.- DESIGNACIÓN DAS PERSOAS APROBADAS

Rematado o proceso de selección o tribunal determinará a cualificación final do proceso que será o resultado de sumar as puntuacións das dúas probas da oposición.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou mais aspirantes, este desfarase mediante a aplicación dos criterios de preferencia establecidos no artigo 13 das bases reguladoras antes citadas que establece que: 'Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares', seguindo o seguinte orde: en primeiro lugar as persoas con cargas familiares, en segundo lugar os maiores de 45 anos, e en terceiro lugar as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, priorizando a maior antigüidade no proxecto de inserción. Para aplicar os citados





critérios teranse en conta os datos proporcionados polo Servizo Público de Emprego, aqueles cos que conta o Concello e, de ser preciso, os membros do tribunal poderán requirir documentación para acreditar os criterios de preferencia antes descritos. De persistir o empate procederase a realización dunha serie de preguntas adicionais de carácter práctico relativos as técnicas de traballo e medios, útiles ou incidencias de traballo en cada servizo cos aspirantes empatados.

A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará ao órgano de contratación a correspondente proposta de contratación.

As persoas propostas serán contratadas sempre que estean en disposición de ser contratadas e que cumpran con todos os requisitos e obrigas establecidos nas presentes bases e na normativa de aplicación.

OITAVA.- LISTA DE AGARDA

O tribunal incluíra na súa proposta un listado de agarda, que estará constituído por todos os aspirantes que superasen o proceso selectivo con independencia de que obtivesen ou non unha das 10 prazas convocadas ordenados exclusivamente polo resultado do proceso selectivo. Este listado servirá para cubrir as baixas ou renuncias que se poidan producir entre os aspirantes seleccionados remitidos polo servizo público de emprego.

As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo negociado de persoal para a súa contratación considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique.

NOVENA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias a que dea lugar a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

DÉCIMA.- NORMA FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ao previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.”

TERCEIRO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda ás contratacións e aprobación de listado previsto nas bases.

CUARTO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas”.





Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 2861/2019. Dación de conta de comunicación de xubilación de empregado municipal (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta da Alcaldía de data 08.05.2019, referente a xubilación de empregado municipal, que é como segue:

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ESCRITO DE COMUNICACIÓN DE XUBILACIÓN DE EMPREGADO MUNICIPAL

"Visto o escrito con rexistro de entrada nº 2711 de data do 6 de marzo do 2019, presentada polo empregado municipal, J. L. D. P., con DNI nº X, no que expón que o día 31 de maio do 2019, cumpre os requisitos para acceder á xubilación, de acordo coa entrada en vigor do Real decreto 1449/2018, o cal establece o coeficiente redutor en materia de xubilación dos policía locais e solicita a tramitación da documentación necesaria para proceder a xubilación.

Vista a documentación aportada polo traballador:

- informativa de xubilación do Instituto da Seguridade Social que dá lugar ao coeficiente redutor do réxime especial dos policía locais ao servizo das entidades que integran a administración local, Real decreto 1449/2018.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Tomar coñecemento da documentación aportada polo empregado municipal, Jose Luis Domínguez Portas.

Segundo.- Que polo servizo de persoal se proceda a tramitar a baixa por xubilación do funcionario, J.L.D.P., con DNI nº X e dar traslado a intervención e tesourería, para os efectos oportunos, así como, á xunta de persoal deste Concello."

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización,





funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 2860/2019. Dación de conta de comunicación de xubilación de empregado municipal (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta da Alcaldía de data 08.05.2019, referente a xubilación de empregado municipal, que é como segue:

"Visto o escrito con rexistro de entrada nº 3190, de data do 18 de marzo do 2019, presentada polo empregado municipal J. M. A. C., con DNI nº X, no que expón que o día 31 de maio do 2019 cumpre os requisitos para acceder a xubilación de acordo coa entrada en vigor do Real decreto nº 1449/2018, o cal establece o coeficiente redutor en materia de xubilación dos policía locais e solicita a tramitación da documentación necesaria para proceder a xubilación.

Vista a documentación aportada polo traballador:

- informativa de xubilación do Instituto da Seguridade Social que da lugar ao coeficiente redutor do réxime especial dos policía locais ao servizo das entidades que integran a administración local Real decreto nº 1449/2018.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Tomar coñecemento da documentación aportada polo empregado municipal J. M. A. C.

Segundo.- Que polos servizos de persoal se proceda a tramitar a baixa por xubilación do funcionario J. M. A. C., con DNI nº X, e dar traslado a intervención e tesourería, para os efectos oportunos, así como á xunta de persoal deste Concello".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 7105/2017. Proposta da alcaldía para tramitación de baixa de traballador municipal por resolución do INSS (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta da Alcaldía de data 20.05.2019, referente a xubilación de empregado municipal, que é como segue:





"PROPOSTA

Visto que en data 28 de abril de 2016 comezou un proceso de IT de enfermidade común o traballador municipal J. C. D. P., con DNI nº X, con afiliación á seguridade social nº X, categoría conserxe, na conta de cotización nº X funcionarios integrados (antigua MUNPAL).

Visto que segundo o disposto no artigo 174 da Lei 8/2015 da Seguridade Social, o prazo máximo de 545 días naturais desde a baixa médica do dito traballador transcorreu o 24.10.2017.

Visto que en data 23 de abril 2019 a dirección xeral notifica resolución que literalmente di: 'Se informa que no expediente tramitado por esta entidade, a nome do traballador cuxos datos constan na referencia deste escrito, recaeu resolución de data 11.04.2019, pola que se lle recoñece, con efectos económicos do 11.04.2019, a prestación de incapacidade permanente no grao de absoluta...!.

Con base nas atribucións que teño conferidas pola lexislación vixente, propono á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Que se proceda á tramitación da baixa en data 11.04.2019 de J. C. D. P. pola notificación de resolución de data 15.04.2019 da Dirección Provincial do INSS.

SEGUNDO.- Dar traslado desta resolución ao traballador, ao INSS e aos departamentos municipais de intervención, tesourería e persoal, xunto cos recursos procedentes".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 5844/2018. Propostas varias da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local referente a licenzas de postos de venda ambulante (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A) Expediente 5844/2018.- Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local referente a transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 107

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 16.05.2019 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 107, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 107





ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada do 30.04.2019, J. F. M., con DNI nº X e enderezo na Avda. Agrelo, nº X-Bueu-Pontevedra, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de M. C. F. D., con DNI nº X, domiciliada en rúa Penis Cabral, nº X-Vigo (Pontevedra), que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

Á solicitude anterior achégase a documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25.04.2013), nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos neste polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor da adquirente C. F. D., con DNI nº X.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local, con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 107 do mercado dos martes e dos venres (textil), do que era titular J. F. P. a favor de M. C. F. D., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á concellería de desenvolvemento económico e emprego local e departamentos de estatística e tesourería".

B) Expediente 5844/2018.- Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local referente a renovación de licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2019

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 16.05.2019 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a renovación de licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2019, que é como segue:





"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2019

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013), no seu capítulo IV, prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2018, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2019 no modelo formalizado proporcionado, outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2) do regulamento, que dispón que se concederán 'previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos'.

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos procede adoptar o presente acordo, polo que se outorga a renovación para o presente ano 2019, das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede, tralo remate do proceso indicado, declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, propono a Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2019, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08.04.2013) a:

-Ref: 20. P. E. M.

-Ref: 145. A. J. J.

CAMBIOS TITULARIDADE

Aprobar o cambio de titularidade de:

-Ref: 97. M. N. – A. D.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de tesourería, estatística e concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

C) Expediente 5844/2018.- Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local referente a revogación de licenza municipal de venda ambulante

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 16.05.2019 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a revogación de licenza municipal de venda ambulante, que é como segue:





"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2019

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013), no seu capítulo IV, prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural, previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

II.- Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2018, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2019 no modelo formalizado proporcionado, outorgando un período de tempo para tal efecto.

III.- As persoas que de seguido se relacionan presentaron no período citado as súas solicitudes de renovación, se ben sendo observadas deficiencias foron requiridas ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que no prazo de dez días subsanasen os defectos detectados, advertíndolles que de non facelo teríaselles por desistidos do seu pedimento, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, o que implicará a perda do posto.

IV.- Rematado o prazo outorgado as persoas que de seguido se relacionan, non emendaron satisfactoriamente os defectos detectados, polo que cómpre telos por desistidos do seu pedimento e adoptar o presente acordo que declara a revogación das autorizacións das que eran titulares.

V.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 15 do regulamento vixente.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Ter por desistido da solicitude de renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2019 e declarar revogada a licenza municipal de venda ambulante a:

Ref: 159. M. V. D. H.

Segundo.- Advertir aos titulares de licenzas revogadas que, trala notificación do presente acordo, deberán absterse de continuar a colocar o posto no mercado por carecer de autorización, resultando de aplicación o réxime sancionador e as medidas previstas para tal efecto na normativa, todo iso sen prexuízo de que estean obrigados a satisfacer as taxas municipais e calquera outra obriga derivadas da ocupación efectiva do posto.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de tesourería, estatística e concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

D) Expediente 5844/2018.- Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local referente a renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano





2019

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 20.05.2019 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano 2019, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 15.04.2019, foi denegada a renovación da autorización de venda ambulante para o ano 2019, da que é titular A. D., por non ter emendado os defectos detectados na súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado, acordo do que se deu traslado xunto cos recursos procedentes ao interesado.

O interesado, sinalando como enderezo a efectos de notificacións en rúa Seis, nº X-Moraña (Pontevedra), con data de rexistro de entrada do 03.05.2019, achega escrito e documentación ao que se lle outorga o carácter de recurso de reposición en aplicación do disposto no artigo 115.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, resultando que coa documentación presentada se cumpren os requisitos necesarios para o outorgamento da renovación solicitada.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición presentado o 03.05.2019, fronte ao acordo de Xunta de Goberno Local de data 15.04.2019 e repoñendo o citado acordo, outorgar en consecuencia a renovación para o ano 2019 da licenza municipal de venda ambulante da que é titular A.D..

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de tesourería, estatística e concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

E) Expediente 5844/2018.- Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local referente a renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano 2019

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 20.05.2019 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano 2019, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 15.04.2019, foi denegada a renovación da autorización de venda ambulante para o ano 2019 da que é titular L. L. S., por non ter emendado os defectos detectados na súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado, acordo do que se deu traslado xunto cos recursos procedentes ao interesado.





O interesado, sinalando como enderezo a efectos de notificacións en Lugar Malladoura, nºX O Porriño (Pontevedra), con data de rexistro de entrada do 09.05.2019, presenta recurso de reposición en aplicación do disposto no artigo 115.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, resultando que coa documentación presentada se cumpren os requisitos necesarios para o outorgamento da renovación solicitada.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición presentado o 09.05.2019, fronte ao acordo de Xunta de Goberno Local de data 15.04.2019 e repoñendo o citado acordo, outorgar en consecuencia a renovación, para o ano 2019, da licenza municipal de venda ambulante da que é titular L. L. S..

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de tesourería, estatística e concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

F) Expediente 5844/2018.- Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local referente a renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano 2019

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 20.05.2019 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano 2019, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 15.04.2019, foi denegada a renovación da autorización de venda ambulante para o ano 2019 da que é titular M. D. S., por non ter emendado os defectos detectados na súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado, acordo do que se deu traslado xunto cos recursos procedentes ao interesado.

O interesado, sinalando como enderezo a efectos de notificacións na Avda. Concordia, nº X-Tui (Pontevedra), con data de rexistro de entrada 09.05.2019, presenta recurso de reposición en aplicación do disposto no artigo 115.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, resultando que coa documentación presentada se cumpren os requisitos necesarios para o outorgamento da renovación solicitada.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición presentado o 09.05.2019, fronte ao acordo de





Xunta de Goberno Local de data 15.04.2019 e repoñendo o citado acordo, outorgar en consecuencia a renovación para o ano 2019 da licenza municipal de venda ambulante da que é titular M. D. S.,.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes así como aos departamentos municipais de tesourería, estatística e concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

G) Expediente 5844/2018.- Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local referente a renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano 2019

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 20.05.2019 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a renovación de licenza municipal de venda ambulante para o ano 2019, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DDA. DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 15.04.2019, foi denegada a renovación da autorización de venda ambulante para o ano 2019, da que é titular S. E. J., por non ter emendado os defectos detectados na súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado, acordo do que se deu traslado xunto cos recursos procedentes ao interesado.

O interesado, sinalando como enderezo a efectos de notificacións a rúa Torneiros, Fase 3, X-O Porriño (Pontevedra), con data de rexistro de entrada do 09.05.2019, presenta recurso de reposición en aplicación do disposto no artigo 115.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, resultando que coa documentación presentada se cumpren os requisitos necesarios para o outorgamento da renovación solicitada.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición presentado o 09.05.2019, fronte ao acordo de Xunta de Goberno Local de data 15.04.2019 e repoñendo o citado acordo, outorgar en consecuencia a renovación, para o ano 2019, da licenza municipal de venda ambulante da que é titular S. E. J..

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de tesourería, estatística e concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL





Por parte do concelleiro de servizos sociais, solicítase que conste en acta o informe-avaliación emitido en data 20.05.2019 polo director do Centro Municipal de Benestar Social, referente ao servizo de axuda no fogar no período 2017/2019, que é como segue:

“INFORME-AVALIACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR 2017/2019

- 1.- O servizo de axuda no fogar nas súas modalidades de prestación básica e dependencia está a ser prestado pola empresa 'Idades SL', desde 2014. O contrato actual ten un prazo de execución de tres anos (2017-2020), susceptible de tres prórrogas de carácter anual cada unha delas.
- 2.- Realízanse reunións de seguimento dos expedientes da axuda no fogar semanalmente.
- 3.- A empresa está a cumprir no caso das axudas complementarias.
- 4.- No caso da presentación mensual das facturas correspondentes ao servizo prestado, conséntase que en determinados meses sofren lixeiros retrasos.
- 5.- O programa de axuda no fogar préstase con acordos entre a empresa, o concello e a persoa usuaria, sendo efectiva en calquera día da semana (de luns a domingo, incluídos festivos).
- 6.- En canto ao persoal da empresa, estase a cumprir coa ratio esixida no contrato e a formación do persoal de axuda no fogar cumpre os requisitos dos decretos que a regula.
- 7.- Desde a adxudicación do contrato no ano 2017, víronse incrementadas as horas de prestación do servizo, que sempre está condicionado pola concesión de horas de dependencia por parte da Consellería de Política Social.

| Data | Nº horas SAF |
|--------------------------|-----------------|
| Ata 31 maio 2016 | 2.203 horas/mes |
| Ata 31 agosto 2017 | 3.324 horas/mes |
| Ata 31 agosto 2018 | 3.745 horas/mes |
| Desde 1 de setembro 2018 | 5.373 horas/mes |

8.- O programa de axuda no fogar do Concello de Cangas conta cun libro de reclamacións visado pola Consellería de Política Social, no que deben figurar todas as reclamacións presentadas, sendo enviada unha copia aos servizos de inspección da consellería correspondente. Neste período non se ten presentado ningunha reclamación a través deste medio.

9.- A empresa 'Idades SL', está sometida a control desde os servizos de inspección de Servizos Sociais Comunitarios e Inclusión Social da Consellería de Política Social.

10.- Os servizos sociais comunitarios do Concello de Cangas recibiron a visita dos servizos de inspección dos Servizos Sociais Comunitarios da Consellería de Política Social, o 18 de outubro do 2018, supervisando, entre outras cuestións, o programa de axuda no fogar.

Por todo isto, concluímos que o servizo estase a prestar axustándose ás condicións do contrato asinado en data de 30 de agosto de 2017”.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento do informe transcrito anteriormente.





Concello de Cangas

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

